

# Oleiros Canteira *de* CAMPIÓN









**Autor e edición:** Concello de Oleiros

**Fotógrafos:** David Balado  
Joaquín Barreiro, de *Aerorec*

**Imprime:** Lugami Artes Gráficas, SL

**Depósito Legal:** C 499 - 2023



# Oleiros Canteira *de* CAMPIÓNS

O deporte é saúde e benestar físico e mental, pero tamén unha frutífera arma educativa e social. Os seus resultados sempre son positivos e agradables para a vida.

Desde o Concello cremos no deporte como vía para mitigar o sedentarismo, os malos hábitos, a obesidade e o illamento social, algúns dos principais perigos do noso tempo. Para logralo, ao longo dos anos, fomos enchendo o municipio de instalacións deportivas de moi variado tipo e aptas para case todas as disciplinas. Creamos pistas, pavillóns, complexos deportivos,... que xunto coa rede de parques e espazos públicos naturais permiten exercitarse libremente, nas mellores condicións ambientais. Unha extensa infraestruturas deportiva a disposición de clubs e entidades, imprescindibles no proceso de formación de novos deportistas e no fomento da convivencia.

Froito da nosa decidida aposta política polo deporte, do extraordinario traballo dos clubs e dunha inestimable implicación familiar, Oleiros é unha canteira de grandes campións e campioas a nivel nacional e internacional. Persoas que cun esforzo e dedicación persoal fóra do común atesouran brillantes traxectorias deportivas, con destacados triunfos.

Os nosos campións e campioas son o orgullo do pobo de Oleiros e un exemplo de como comportarse no deporte e na vida, por iso merecen todo o noso recoñecemento. Con esta publicación pretendemos divulgar os seus triunfos, para que se coñezan aínda mellor e para que poidamos seguir os seus triunfos futuros, que seguro que serán moitos.

Ángel García Seoane  
*Alcalde de Oleiros*





# Iria Álvarez Fuentes

**Santa Cruz, 9-9-2005**

Iria Álvarez comezou na ximnasia rítmica con 6 anos. Baixo a extraordinaria dirección do equipo técnico do club Acordes, completou un proceso de aprendizaxe que pronto lle permitiu competir en campionatos galegos e españois. Os éxitos foron constantes ao longo da súa traxectoria deportiva, tanto individuais como colectivos. A paixón que sente pola ximnasia supón un importante aliciente para completar a férrea disciplina de adestramentos que require este deporte. Iria Álvarez tamén destaca pola súa extraordinaria capacidade de superación, como demostrou cando algunha inoportuna lesión a puxo a proba. Actualmente adestra un total de 16 horas semanais nos distintos pavilións municipais, principalmente no da Rabadeira.



## PALMARÉS

- Medalla de bronce no Campionato de España en corda, 2020
- Campioa da Copa de España de conxuntos, 2021





# Candela Martínez Bobo

**Santa Cruz, 8-6-2005**

Os seus inicios na ximnasia foron nas instalacións deportivas municipais de Oleiros, da man do Club Acordes. Pronto entrou no mundo da competición, participando en múltiples ocasións en campionatos a nivel estatal tanto de ximnasia rítmica individual como na de conxuntos. A partir de 2020 optou por centrarse unicamente na modalidade individual, obtendo 3 medallas en campionatos de España, participando con éxito na 1ª división da Liga Iberdrola e ocupando posición de podio en diferentes torneos a nivel internacional, como foi o caso da Guimagym Cup, Princess Cup e Marbella Cup. Candela Martínez é unha apaixonada pola ximnasia, fortemente comprometida, cunha elevada capacidade de traballo e extremadamente perfeccionista, así é que sempre logra sacar o mellor de si en cada competición.





## PALMARÉS

- Terceira de España en cinta, 2021
- Campioa de España en cinta, 2022
- Terceira de España en mazas, 2022





# Escola de Ximnasia ACORDES

## Equipo SÉNIOR

O equipo sénior da Escola de Ximnasia Acordes de Oleiros formado polas ximnastas Alicia García Montoto, Carolina Villar Nuñez, Elena Torres Martínez, Iria Alvarez Fuentes, Maracena Gayoso Lodeiros, Paloma Smyth López, Sabela Martínez Martínez, Sara Casanova Espiñeira e



Silvia Montero Bouzas proclamouse campión da 2ª fase da Copa de España de Conxuntos na categoría sénior absoluta no ano 2021. Desde os seus comezos no mundo da ximnasia rítmica este equipo apuntaba moi alto, cunha marabillosa traxectoria deportiva tanto a nivel individual coma a nivel absoluto chegando a formar parte das tecnificacións galegas e nacionais. Esta medalla tan desexada veu precedida dunha espectacular tempada onde tamén obtiveron o bronce na 1ª Fase da Copa de España de conxuntos e accederon á final no campionato Nacional.

## PALMARÉS

- Campioas da Copa de España de conxuntos, 2021





# Escola de Ximnasia ACORDES

## Equipo INFANTIL

Inés Díaz, Lucía Álvarez, Sara Gómez, Alba Longarela, Loaira Maquieira e Claudia Veiga conformaron o equipo de ximnasia estética de grupo en categoría infantil do club Acordes durante o ano 2022, e aínda que levaban máis tempo practicando ximnasia no club para todas elas era só o seu segundo ano participando a nivel nacional desta nova especialidade de ximnasia. O conxunto foi presentando na categoría Infantil 12-14 anos na modalidade de Programa Corto obtendo coa súa coreografía Rock, a ritmo de Elvis Presley, uns resultados inmejorables durante toda a tempada. Proclamáronse campioas no Campionato de España e na Copa de España de 2022 na súa categoría. Este mesmo equipo está preparando o salto ao Programa Longo, que de seguro virá acompañado de novos triunfos.



## PALMARÉS

- Campioas de España, 2022
- Campioas da Copa de España, 2022





# Aldara Rodríguez Mirás

**Iñás, 4-12-2007**

Comezou a practicar ximnasia artística con 4 anos. Froito dun arduo plan de adestramentos, de máis de 16 horas semanais, conseguiu converterse nunha gran ximnasta. Participou con brillantez na 2ª división da Liga Iberdrola, campioa galega en numerosas ocasións, medallista en campionatos de España, destacadas actuacións en torneos internacionais... A carreira deportiva de Aldara Rodríguez está inzada de importantes éxitos, tanto individuais como colectivos. Pola súa forma de vivir a ximnasia e a súa capacidade de sacrificio, ten por diante un futuro tremendamente prometedor.



## PALMARÉS

- Terceira de España, 2022
- Subcampioa de España, 2021





## Erik Cortázar Boado

**Montrove, 9-1-2011**

Erik Cortázar comezou a practicar ximnasia nas instalacións do INEF de Bastiagueiro. Froito do seu grande esforzo diario e da acertada dirección dos seus adestradores, pronto logrou os seus primeiros triunfos, sendo campión con só 6 anos. Tamén brillou en diferentes ocasións nos campionatos de España, conseguindo 5 medallas de ouro, 5 de prata e 1 de bronce. Dada a súa precocidade e a súas óptimas calidades para a práctica deste deporte, ten por diante un futuro prometedor. De continuar na mesma liña de dedicación, poderá acadar as máis altas cotas na ximnasia artística.





## PALMARÉS

- Campión de España, 2019
- Subcampión de España por equipos, 2021
- Subcampión de España, 2022





# Marco García de Castro

**Maianca, 1-3-2003**

Os seus primeiros contactos co balonmán foron nas pistas polideportivas municipais de Mera, Dorneda e Dexo. Despois, pasouse á práctica deportiva federada sendo unha peza clave de todos os equipos nos que xogou. Ese papel destacado converteuno nun fixo da selección galega desde os 14 anos, logrando unha medalla de bronce no Campionato de España de autonomías. Posteriormente foi convocado pola selección española. Con 16 anos fichouno o club Cisne da Liga Asobal. Durante a súa estadia no club pontevedrés foi campión galego e de España en categoría xuvenil, sendo a primeira vez que un equipo galego acadou tal logro. Declarado deportista galego de alto nivel chegou a participar no equipo profesional de Asobal. Actualmente, ademais de continuar a súa carreira como xogador, está a desenvolver a súa vocación formativa como adestrador en equipos de base.



## PALMARÉS

- Medalla de bronce no campionato de España de seleccións, 2019
- Campión galego, 2021
- Campión de España, 2022





## Mateo Martínez Blanco

**Santa Cruz, 29-5-2008**

Desde unha idade moi temperá practicou todo tipo de deportes en distintas instalacións e clubs municipais. Mateo Martínez tivo experiencias moi satisfactorias en judo, atletismo, hóckey, fútbol e baloncesto, pero sería o balonmán o deporte polo que se acabaría decantando grazas ao club Atlántico, que adentra e compite como local no pavillón de Perillo. Desde un primeiro momento demostrou unhas grandes capacidades. Baixo a atinada dirección dos seus distintos adestradores, especialmente Diego Rodríguez Reigosa, converteuse en moi pouco tempo nun dos mellores xogadores galegos. Así foi que participou con asiduidade coa selección galega, acadando a medalla de bronce no Campionato de España, cun destacado papel ao ser un dos máximos goleadores do equipo. Tras superar unha fatídica lesión, continúa a súa evolución no Club Balonmán Atlántico.



## PALMARÉS

- Medalla de bronce no campeonato de España de seleccions, 2022






# Mónica Castelo Mejuto

**Nós, 18-4-1987**

Tras participar en diferentes actividades e clubs deportivos do municipio, comezou a xogar ao rugby en 2008. A súa destacada carreira deportiva desenvolveuse principalmente no CRAT da Coruña, no que permaneceu durante 12 tempadas nas que ganou dous campionatos de liga, sendo subcampioa noutras 4 ocasións. Tamén xogou na liga francesa no BSORF de Toulouse e no Stade de Rennais, no que milita na actualidade. A súa extraordinaria valía a nivel individual converteuna nunha xogadora importante da selección española, coa que conseguiu proclamarse campioa de Europa en 5 ocasións. Ademais participou na Copa do Mundo de 2017 e no clasificatorio para o mundial do 2021.



## PALMARÉS

- Campioa da Liga española, 2015
- Campioa de Europa, 2016
- Campioa de Europa, 2018
- Campioa da Liga española, 2019
- Campioa de Europa, 2019
- Campioa de Europa, 2021
- Campioa de Europa, 2022





# Inés Vázquez López

**Nós, 4-2-2009**

Inés Vázquez entrou en contacto co hóckey en 2017. Foi a través da escola de iniciación do Club Hóckey Oleiros, que se desenvolve no pavillón municipal da Rabadeira. Posteriormente, pasou a formar parte dos equipos de competición da entidade. Destacando desde un principio polas súas habilidades co stick, a súa grande capacidade de aprendizaxe permítelle experimentar unha mellora constante que semella non ter teito. Co seu bo facer individual na pista contribuíu de maneira destacada á obtención de grandes resultados colectivos nos equipos nos que participou ata o momento. Esas boas actuacións foron recompensadas coas convocatorias da selección galega, chegando a participar en campionatos internacionais. Ostenta con orgullo ser a primeira oleirense da prolífica canteira do Club Hóckey Oleiros en participar nun campionato de España.





## PALMARÉS

- Subcampioa de España de hóckey a patíns, 2022





# Manuel Taibo González

**Maianca, 4-5-2004**

O primeiro contacto de Manu Taibo coa patinaxe foi aos 4 anos, no pavillón da Rabadeira, da man da SCD Rabadeira. Tamén probou outros deportes como fútbol, natación ou tenis, pero unha vez pasou a formar parte dos equipos de competición da SCD Rabadeira entregouse á patinaxe, logrando en categoría alevín a súa primeira medalla de prata nun campionato de España. Despois, baixo a guía do seu adestrador David Garrido, e cun enorme esforzo persoal e dedicación comezaron a chegar máis triunfos, numerosas medallas en campionatos galegos e de España e a participación na selección española. Así foi como logrou ser campión de Europa en tres ocasións e campión do mundo, en Bos Aires en novembro de 2022. Tamén convocado coa selección española de patinaxe sobre xeo, foi subcampión do mundo nesta especialidade.



## PALMARÉS

- Campión de España en 5.000 puntos, 2019
- Campión de España en 10.000 eliminación, 2019
- Campión de España en volta sprint, 2019
- Campión de España en 8.000 puntos, 2019
- Campión de España en 10.000 eliminación, 2019
- Campión de Europa en 3.000 relevos, 2019
- Campión de España en 500 sprint, 2021
- Campión de España en 15.000 eliminación, 2021
- Campión de Europa en 500 relevos mixtos, 2021
- Campión de España en 10.000 puntos eliminación, 2022
- Campión de España en 15.000 eliminación, 2022
- Campión de España en 10.000 puntos, 2022
- Campión de Europa en 3.000 relevos, 2022
- Subcampión de Europa en 10.000 eliminación, 2022
- Campión do Mundo en 1.000 metros, 2022
- Subcampión do Mundo en 10.000 metros puntos, 2022
- Subcampión do Mundo en relevos sobre xeo, 2022





# Jorge Enrique Castro Vilariño

**Nós, 31-12-1987**

Jorge Castro comezou a práctica deportiva da patinaxe de velocidade en 1996 no club Rabadeira de Oleiros. Desde un inicio demostrou unhas extraordinarias capacidades, así foi que ano e medio despois da súa estrea logrou o seu primeiro título de campión galego. A meteórica traxectoria que levaba viuse freada por unha grave enfermidade aos 10 anos de idade, que conseguiu deixar atrás grazas a unhas ganas de superación fóra do común. Recuperouse, volveu á senda das vitorias e xa de adulto fichou polo Marianistas de Vitoria, o mellor equipo do panorama nacional, co que ganou a Liga Nacional. Máis recentemente, unha nova enfermidade obrigouno a competir en categoría máster, na que se proclamou Campión de España ganando 3 medallas de ouro e foi 7º clasificado no Campionato de Europa de M30 Marathon.



## PALMARÉS

- Tricampión de España Máster 30, 2022





## Raúl Couto Aradas

**Nós, 3-10-2008**

Comezou a dar os seus primeiros pasos sobre uns patíns con menos de 3 anos no pavillón municipal da Rabadeira. Pouco a pouco foise formando e evolucionando como deportista. Unha meticulosa preparación permitiulle acadar importantes triunfos desde neno. Raúl Couto proclamouse campión galego en varias categorías, ten dúas medallas de ouro na Copa de Europa, destacados resultados en campionatos de España e brillantes participacións na Liga Nacional. Sempre militou no club Rabadeira, co que está chamado a continuar logrando importantes vitorias.



## PALMARÉS

- Campión da Copa de Europa, 2022
- Medalla de bronce no Campionato de España, 2022





## Lucas Yáñez Pérez

**Dorneda, 22-9-2004**

A partir dos 3 anos, Lucas Yáñez comezou a practicar patinaxe, fútbol, judo e natación en distintas instalacións municipais. Co paso do tempo foi centrándose na patinaxe, no club Patín Maxia, principalmente por unha cuestión de gusto persoal, pero tamén polas grandes capacidades que esbozaba para converterse nun gran campión. A súa foi unha traxectoria impecable, repleta de vitorias, facéndose co triunfo en practicamente todas as competicións ás que acudía



ata o punto de ser campión do mundo en dúas ocasións. Un exhaustivo plan de adestramentos diarios fixeron de Lucas Yáñez un gran campión internacional e unha das máximas figuras da patinaxe en España.



## PALMARÉS

- Campión de España, 2021
- Subcampión de Europa, 2021
- Campión do mundo, 2021
- Campión de España, 2022
- Campión de Europa, 2022
- Campión do mundo, 2022





## Olivia Rey Pérez

**Dexo, 26-2-2009**

Con dous anos, Olivia Rey deu os seus primeiros pasos cuns patíns no pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz, da man do Club Maxia. O que inicialmente era unha diversión, pronto se transformou nun apaixonante deporte con numerosas competicións a nivel galego e estatal. A acertada dirección de Rosa García e o grande esforzo e dedicación de Olivia abríronlle as portas a grandes resultados a nivel estatal e internacional. Cada ano logra superar o anterior, ata o punto de ser capaz de converterse en campioa de España e da Copa de Europa.

Pola súa evolución, está chamada a ocupar durante os vindeiros anos as primeiras posicións nos grandes campionatos internacionais.



## PALMARÉS

- Subcampioa de España, 2021
- Subcampioa da Copa de Europa, 2021
- Campioa de España, 2022
- Campioa da Copa de Europa, 2022





# Julia Benedetti González

**Nós, 25-9-2004**

Ata os 10 anos compatibilizou a práctica do surf, principalmente na praia de Bastiagueiro, coa do monopatín. Foi a partir desa idade cando se centrou de cheo neste deporte, na modalidade de parque. A día de hoxe é unha das mellores patinadoras do mundo, con numerosas participacións e importantes resultados en campionatos do mundo e distintas probas internacionais. Entre outras moitas virtudes, destaca pola súa axilidade mental, un estilo moi agresivo e unha grande polivalencia, cunha capacidade alta de adaptación a todo tipo de skatepark. Ten a honra de ser a primeira deportista olímpica oleirense. Participou nos xogos olímpicos de Toquio de 2021 ocupando a 16ª posición na clasificación final.



## PALMARÉS

- Medalla de bronce no Mundial de praia de Qatar, 2019
- Campioa de España, 2019
- Campioa de España, 2018
- Ten participación olímpica moi salientable en Tokio 2020





## Damián Ramos Sánchez

**Montrove,  
23-6-1986**

Deportista practicamente desde o berce, os seus primeiros grandes logros deportivos foron como piragüista, formando parte da selección española entre 2009 e 2011. No ano 2014, un accidente levouno a reenfocar a súa vida



deportiva cara á bicicleta, amosando unhas calidades extraordinarias para acadar importantes resultados. Recoñecido como deportista de alto nivel tanto galego como español, forma parte da selección española de ciclismo adaptado. En 2022 participou no Mundial de Ciclismo en Canadá, no que foi oitavo. Neste momento está inmerso de cheo na preparación do seu grande obxectivo, unha praza para competir nos Xogos Paralímpicos de París 2024.

## PALMARÉS

- Campión de España contrarrelojo, 2022
- Subcampión de España en liña, 2022





## Begoña de Arriba Bellogín

**Santa Cruz, 8-9-1955**

Begoña de Arriba Bellogín non parou de correr na súa vida. Veciña de Santa Cruz, de orixe asturiana, é unha veterana atleta que practica este deporte desde 1977, cando tiña 22 anos. Formou parte do Club de Atletismo do Instituto María Casares ata a súa desaparición. Adestra entre 5 e 6 días por semana, principalmente polas numerosas sendas, beirarrúas e zonas verdes do municipio. A avenida Ernesto Che Guevara e o parque As Trece Rosas son os seus lugares predilectos de adestramento.





## PALMARÉS

- Campioa galega de 3.000 metros en pista cuberta, 2022
- Campioa galega de cross, 2022
- Terceira de España 10.000 metros ruta, 2022
- Subcampioa de España 5.000 metros ruta, 2022





## Andrés Prieto Villar

**Maianca, 22-4-2003**

Formado no club Fogar de Oleiros, comezou a competir en 2013. O seu paso polas distintas categorías inferiores foi brillante, logrando proclamarse campión galego en repetidas ocasións. Un inmenso traballo persoal e o seu esforzo constante permitiulle ir medrando como deportista e como persoa forxando unha brillante traxectoria deportiva. Ademais de destacadas actuacións na Copa de Europa, conseguiu importantes resultados nos Campionatos do Mundo, sendo 10º en 2021 e 9º en 2022. Esas extraordinarias actuacións fixérono merecedor de recibir unha bolsa da Federación Española, coa que está a completar a súa formación académica e deportiva na residencia Blume de Madrid.



## PALMARÉS

- Subcampión de España, 2020
- Subcampión de España, 2021
- Medalla de bronce na Copa de Europa, 2021
- Subcampión da Copa de Europa, 2022





## Almudena Quereda Rodríguez

**Perillo, 25-9-1985**

O infortunio cruzouse na vida de Almudena Quereda en forma de accidente en 2019. Desde entón, a súa é unha historia de superación en maiúsculas, un exemplo extraordinario de como unha eiva física non é impedimento para derrubar toda canta barreira atopa no seu camiño persoal e deportivo, ata o punto de converterse nunha referente no mundo da natación. E é que se xa é tremendamente meritorio ganar en competicións de natación adaptada, o que realmente a elevou ao máis alto da competición deportiva son as súas vitorias en probas nas que se enfrenta a nadadoras sen ningunha discapacidade. É o caso dos seus triunfos na Liga Máster Galega ou na Travesía Costa Oleiros, na distancia de 3.000 metros. Baixo a atinada dirección deportiva de Jesús de la Fuente, Almudena está a lograr a base de esforzo e tenacidade uns progresos deportivos increíbles que a converten en paradigma dos valores do deporte.



## PALMARÉS

- Campioa de España 400 metros libres, 2022
- Campioa de España 200 metros libres, 2022
- Campioa de España 100 metros libres, 2022
- Campioa de España 50 metros libres, 2022
- Campioa de España 200 metros estilos, 2022





# Antoni Ripoll González

**Liáns, 22-9-2004**

Ademais da práctica de diversas actividades deportivas ao longo da súa infancia, o mar e a vela sempre foron as grandes paixóns de Toni Ripoll. En base a uns adestramentos moi rigorosos conseguiu explotar ao máximo as súas extraordinarias habilidades físicas, técnica e tácticas para a vela. Os seus mellores resultados chegaron na clase 420, acadando importantes vitorias a nivel nacional e logrando proclamarse campión de Europa e do mundo en dúas ocasións. Todo un gran campión que destaca polo seu espírito competitivo, que lle permite evolucionar e mellorar de maneira constante. De continuar coa súa magnífica progresión acadará as máis altas cotas da vela internacional na categoría absoluta.



## PALMARÉS

- Campión de Europa, 2018
- Campión do Mundo, 2018
- Subcampión de Europa, 2019
- Campión de España, 2020





## José Manuel Sánchez Sánchez

**Montrove, 22-8-1984**

Foi na ría da Pasaxe, en 1993, cando José Manuel Sánchez deu as súas primeiras padexadas nunha canoa. Desde entón labrouse unha carreira deportiva triunfal ganada a pulso, grazas a un esforzo persoal titánico e unha férrea disciplina de adestramentos que propiciou o seu estratosférico crecemento físico e técnico. Participou en 11 mundiais, 8 europeos e no preolímpico de Londres 2012, subcampión do mundo e campión de Europa en dúas ocasións, campión de España máis de 30 veces nas modalidades de pista e maratón, en C-1, C-2 e C-4 e vencedor do prestixioso Descenso Internacional do Río Sella 3 veces.





## PALMARÉS

- Terceiro do mundo, 2012
- Subcampión do mundo, 2014
- Terceiro do mundo, 2015
- Campión de Europa, 2016
- Terceiro do mundo, 2017
- Campión de Europa, 2017
- Subcampión de España, 2022





# Álvaro Alvedro del Río

## Perillo, 25-8-2005

Álvaro Alvedro iniciouse no remo no ano 2017 no Club de Regatas Perillo, nos náuticos municipais da Fábrica e da praia de Santa Cristina, que serven de hangar para as diferentes embarcacións da entidade. Cun esforzo persoal inmenso, unha disciplina inquebrantable e baixo a extraordinaria dirección deportiva dos adestradores do Club de Regatas Perillo, foi capaz de superarse ano tras ano ocupando desde os seus comezos posicións destacadas en todas as competicións nas que participaba, o que o levou a ser convocado pola selección española. O remo español ten en Álvaro Alvedro unha das súas grandes promesas de cara aos vindeiros ciclos olímpicos.



## PALMARÉS

- Campión de España de pista, 2021
- Campión de España de longa distancia, 2021
- Campión de España de ergómetro, 2021
- Subcampión da Coupe de la Jeunesse, 2021
- Subcampión de España de pista, 2022
- Subcampión de España de longa distancia, 2022
- Subcampión OPEN de España, 2022





# Luis Miguel Escourido García-Souza

**Perillo, 26-12-1998**

Luis Miguel comezou a súa formación como remeiro en 2008, no Club de Regatas Perillo. As instalacións náuticas municipais da Fábrica e da praia de Santa Cristina posibilitaron o seu crecemento deportivo, des-puntando xa desde os seus inicios, sendo merecedor da convocatoria do centro galego para deportistas de alto rendemento de Pontevedra, onde estivo dous anos. A complicada transición de xuvenil a absoluto foi no seu caso todo un trampolín



que o impulsou cara a unha prolífica carreira deportiva que continuou no Centro Deportivo Mariñeiro de Mera, onde está a acadar os seus mellores resultados. As súas extraordinarias condicións para o remo, xunto cunha ilusión desmedida para afrontar e superar durísimos adestramentos diarios, fan de Luis Miguel un dos mellores remeiros de Galicia.

## PALMARÉS

- Campi3n de Espa1a de selecci3n auton3micas, 2020
- Campi3n da Liga Nacional de erg3metro, 2021
- Terceiro no Campionato de Espa1a de erg3metro, 2021
- Subcampi3n de Espa1a de erg3metro, 2022
- Subcampi3n da Copa Internacional Queima das Fitas, 2022





# Juan Fernández López

## Perillo, 4-6-1998

Aínda que competiu en fútbol, tenis, vela... desde que probou o surf nunca dubidou cal era o seu deporte. Foi na praia de Bastiagueiro onde aprendeu e perfeccionou as súas extraordinarias habilidades sobre a táboa. Atesoura unha brillante traxectoria deportiva, con importantes triunfos en numerosas probas e campeonatos de prestixio nacional e internacional.



Campión galego e de España en varias ocasións, nos últimos tempos está a ser o mellor surfista español na modalidade de ondas xigantes, protagonizando escenas espectaculares baixo ondas de 8 metros de altura.

## PALMARÉS

- Campión de España de ondas xigantes, 2019
- Campión de España de ondas xigantes, 2021





# Mariana Suárez de Llano

**Nós, 18-11-2010**

Logo de practicar diversos deportes, iniciouse no paddle surf con 9 anos. Primeiramente foi un contacto recreativo, pero despois optou por comezar a adestrarse para participar en competicións. Aproveitando as magnificas condicións que ofrece a baía de Mera para este deporte e baixo a dirección técnica de Guillermo Goyanes do club SupMera, está a formarse de maneira brillante. Cunha grande dedicación e con moito esforzo foi mellorando



ata o punto de converterse en campioa de España no mar Mediterráneo. A paixón que sente por este deporte e as ganas de continuar progresando presaxian un esplendoroso futuro no paddle surf para Mariana Suárez.



## PALMARÉS

- Campioa de España de velocidade, 2022
- Subcampioa de España de velocidade de mar, 2022
- Campioa de España de longa distancia, 2022





## Iván Puente Rodríguez

**Dorneda, 23-7-2006**

Iván Puente comezou a practicar surf con 8 anos. De raíces mariñeiras merachas, ten unha conexión especial co medio mariño. Ese forte arraigo ao mar é unha das claves que explican a súa paixón e o seu vertixinoso progreso neste deporte. No club Supmera, con Guillermo Goyanes como adestrador, está a dar pasos de xigante grazas a unha tenacidade especial para afrontar cada sesión de adestramento. A súa progresión parece non ter límite e a participación no mundial de Polonia en 2022, no que ocupou a 12ª posición, seguro que será a primeira de moitas outras competicións internacionais.



## PALMARÉS

- Campi3n de Espa1a de velocidade, 2022
- Campi3n de Espa1a de velocidade de mar, 2022
- Campi3n de Espa1a de longa distancia, 2022
- Subcampi3n galego, 2022





## Paloma Porta Álvarez

**Liáns, 5-10-2007**

O que nun comezo se presentaba como unha experiencia lúdica, acabou por converterse en moi pouco tempo en algo máis que un simple entretemento para Paloma Porta. Grazas a unha capacidade de mellora constante das súas habilidades técnicas no mar, espremendo ao máximo cada adestramento que realiza na baía de Mera, e os esixentes adestramentos físicos nos complexos deportivos municipais, está a acadar uns resultados deportivos inmejorables. Ata o punto de chegar a participar no Mundial de Polonia de 2022, obtendo a 12ª posición. Co foco posto nos próximos campionatos estatais e internacionais, da man do seu adestrador Guillermo Goyanes, aspira ao máis alto neste deporte.



## PALMARÉS

- Subcampiona de España, 2022
- Bronce no Campeonato de España Velocidade de Mar, 2022





# Sofía Puñal García

**Mera, 20-5-2010**

Sofía Puñal destacou desde nena no medio acuático. Formada deportivamente nas piscinas municipais da man do Acuático Oleiros, logrou ser campioa galega de natación artística a título individual. Foi en 2020 cando se iniciou na práctica do paddle surf na praia de Mera. Guiada polo adestrador do club Supmera Guillermo Goyanes, tivo un progreso meteórico con importantes vitorias, entre as que destaca o primeiro posto no Campionato de España de 2022. As óptimas condicións marítimas que ofrece a baía de Mera para este deporte están a facilitar o seu desenvolvemento deportivo. Sofía conta con todas as condicións persoais necesarias para forxar unha carreira deportiva de éxito no paddle surf, que neste momento complementa coa práctica de baloncesto no pavillón José Antonio García Nieto de Canide.



## PALMARÉS

- Campioa de España, 2022
- Campioa galega de natación artística, 2019





# Ana Marta Pérez

**Mera, 8-7-2005**

Despois da realización de diversas actividades deportivas ao longo da súa infancia, Ana Marta Pérez comezou a practicar paddle surf en 2015. Aínda que os seus primeiros contactos coa táboa e o remo foron recreativos, chegou un punto no que decidiu pasarse ao equipo de competición. Sempre no club SupMera, baixo a dirección técnica de Guillermo Goyanes e con Borja Fernández como preparador físico, conseguiu destacados resultados moi pronto. Ademais de ser campioa galega e de España, participou nun campionato do Mundo, en Polonia, no que ocupou a 8ª posición. As numerosas horas de adestramento, tanto no mar como en terra, están a dar os seus froitos en forma de triunfos.





## PALMARÉS

- Subcampiona de España de beach race, 2021
- Medalla de bronce de España de longa distancia, 2021
- Medalla de bronce de España de longa distancia, 2022
- Campioa Copa de España, 2022
- 3º posto no Campionato de España, 2022





## Manuel Mata Seoane

**Mera, 25-12-1980**

A súa relación co paddle comezou en 2018, no club Sup Mera. Motivado polo marabilloso ambiente de convivencia e compañeirismo que se atopou en Mera, comezou a adestrarse de maneira cada vez máis seria e rigorosa. Logrou importantes progresos físicos e técnicos que lle permitiron acadar grandes éxitos en 2022, ano no que venceu o Campionato Galego. Tamén destacou nos campionatos de España e noutras probas do calendario oficial. Dadas a mentalidade coa que afronta este deporte e as súas extraordinarias habilidades sobre a táboa, esas vitorias non serán as últimas.



## PALMARÉS

- Medalla de bronce do Campionato de España de resistencia, 2022
- Subcampión de España de Sup Race, 2022





# Brais Cardezo Teijido

**Dorneda, 12-5-2009**

Brais Cardezo deu os seus primeiros pasos deportivos aos tres anos no Santa Cruz CF, no campo de fútbol municipal Leonardo Maceira, e nas clases de natación que o Concello organiza na piscina municipal de Dorneda para os rapaces escolarizados en Oleiros, neste caso do Colexio Isidro Parga Pondal. Tempo despois, pasou ás escolas de natación e acabou o perfeccionamento no Club Natación Oleiros, na piscina do INEF de Bastiagueiro. A partir de 2018 practicou salvamento e socorrismo conseguindo proclamarse campión galego en 8 ocasións en distintas modalidades e obtendo tamén un subchampionato de España. Na actualidade practica piragüismo e fútbol no Santa Cruz CF.



## PALMARÉS

- Subcampión galego de natación, 2019
- Campión galego de carreira con nipper, 2019
- Campión galego de slalón costa, 2019
- Subcampión galego de natación, 2020
- Campión galego de remolque de manequín, 2020
- Campión galego de 4x50 combinado, 2020
- Campión galego de 4x50 con aletas, 2020
- Subcampión de España de carreira con nipper, 2020
- Campión galego de carreira con nipper, 2021
- Campión galego de nadar surf, 2021
- Campión galego de relevo sprint, 2021
- Subcampión galego de piragüismo, 2022





# Jaime Ares Castro

**Liáns, 6-3-1970**

Jaime Ares iniciouse no salvamento e socorrismo no ano 2015. As privilexiadas condicións das praias de Bastiagueiro e Santa Cristina e dos seus coidados contornos para a práctica deste deporte permitíronlle desenvolver de maneira vertixinosa unha carreira prodixiosa. Os adestramentos diarios e o seu afán de superación fixo de Jaime Ares unha das referencias a nivel español. Actualmente é un dos deportistas máis destacados nos campionatos galegos e de España desta modalidade. Desde 2017 acumula numerosos triunfos, entre os que destacan as súas 4 medallas de ouro nos campionatos de España.



## PALMARÉS

- Campión de España de rescate con táboa, 2019
- Subcampión de España de carreira con táboa, 2019
- Subcampión de España de lanzamento con corda, 2019
- Campión de España de rescate con táboa, 2020
- Subcampión de España de carreira con táboa, 2020
- Subcampión de España de carreira con ski, 2020
- Subcampión de España de relevo ocean, 2020
- Subcampión de España de longa distancia de carreira con táboa, 2020
- Campión de España de relevo ocean, 2021
- Subcampión de España de carreira con táboa, 2021
- Subcampión de España de longa distancia de carreira con ski, 2021
- Terceiro de España de longa distancia de carreira con táboa, 2021





## Jaime Ares Filloy

**Liáns, 9-1-2001**

Jaime Ares Filloy comezou a practicar este deporte no ano 2014. A súa proximidade á praia de Bastiagueiro, dunhas condicións inmejorables para os adestramentos de salvamento e socorrismo, facilitou notablemente a súa formación deportiva. Completou de maneira brillante o seu paso polas distintas categorías de base ata converterse en deportista absoluto. Froito dos seus extraordinarios resultados, foi elixido mellor deportista español de salvamento e socorrismo nos anos 2016 e 2018. Tamén foi convocado en diversas ocasións pola selección galega e a española.





## PALMARÉS

- Campión de España en relevo ocean, 2020
- Subcampión de España de ski, 2020
- Terceiro de España en carreira con táboa, 2020
- Terceiro de España en ocean, 2020
- Terceiro de España de rescate con táboa, 2020
- Campión de España de longa distancia en relevo ocean, 2021
- Terceiro de España de longa distancia en 6 km táboa, 2021
- Terceiro de España en relevo ocean, 2021
- Campión de España de rescate con táboa, 2022





# Jorge Manzanares Arias

**Liáns, 13-3-1983**

Socorrista titulado, formou parte do Servizo Municipal de Salvamento e Socorrismo das praias de Oleiros en dúas etapas. Na segunda, precisamente tras descubrir este deporte, introduciu as táboas de rescate como elemento de apoio na praia de Bastiagueiro. Tamén fundou o Club Salvamento Oleiros, pero finalmente non chegou a funcionar debido a diversas circunstancias. Como deportista presenta unha traxectoria espectacular, destacando a súa participación en 3 campionatos de España nos que acadou un total de 16 medallas. Actualmente é instrutor dos novos socorristas que se forman no concello, no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo.



## PALMARÉS

- Campión de España en relevo sprint, 2020
- Subcampión de España en rescate con táboa, 2020
- Terceiro de España en ocean man, 2020
- Subcampión de España en ocean man, 2022
- Subcampión de España en bandeiras, 2022
- Terceiro de España en sprint praia, 2022
- Terceiro de España en carreira con táboa, 2022
- Terceiro de España en carreira con ski de salvamento, 2022





# Alejandro Montes Lale

**Oleiros, 24-6-2004**

Apaixonado do mar, comezou a practicar deportes acuáticos con 7 anos. Nas piscinas do municipio e na praia de Bastiaqueiro foi medrando e formándose como deportista. Cun forte traballo físico e técnico foi pulindo defectos e potenciando virtudes, conseguindo converterse nun gran campión do salvamento e socorrismo. Ao longo da súa traxectoria deportiva acumula numerosas medallas e vitorias, en campionatos galegos, de España e noutras competicións relevantes. Pola súa constante evolución e impulsado por un afán de superación extraordinario, Alejandro Montes está chamado a seguir levantando trofeos e colgando medallas no pescozo.



## PALMARÉS

- Campión de España en sprint, 2020
- Campión de España en relevo ocean longa distancia, 2021
- Campión de España en sprint, 2022
- Campión de España en relevo sprint, 2022
- Campión de España en relevo ocean, 2022





## Sabela Lage Rivera

**Santa Cruz, 24-7-2003**

Sabela comezou a practicar judo con 3 anos. Tamén participou en diversas actividades deportivas organizadas polo Concello, especialmente nos cursos de natación que se ofertan nas piscinas municipais. Os seus primeiros grandes éxitos no judo chegaron a partir da categoría infantil, proclamándose campioa galega en diversos anos. Sempre formou parte do Judo Club Oleiros, co que a nivel colectivo ganou a Liga Internacional de clubs. Tamén formou parte en dúas ocasións da selección galega, coa que competiu na Copa de Europa. O seu maior éxito individual conseguíno en 2022 ao conquistar a Copa de España.



## PALMARÉS

- Campioa da Copa de España, 2022





# Antonio Manuel Sandino Ramos

**Dorneda, 28-6-2002**

Toni Sandino comezou no judo sendo moi neno, nos tatamis que o Concello dispón en distintos edificios públicos. Malia algunhas dificultades derivadas de cambios de categorías, sobrepúxose de maneira brillante a base de esforzo e dedicación. A partir de cadete comezou a obter grandes resultados, chegando a ser campión de España e 7º na Copa de Europa. Como júnior volveu proclamarse campión de España e cando deu o salto á máxima categoría mativo ese gran nivel conseguindo a medalla de bronce no Campionato de España.



Debido á súa calidade forma parte das seleccións galega e española. Na actualidade segue exercitándose nas instalacións deportivas municipais e forma parte do Judo Club Oleiros.



## PALMARÉS

- Campión de España, 2019
- Campión de España, 2020
- Terceiro de España, 2022





# Marvin Fernández Pascual

**Liáns, 28-11-2011**

Marvin Fernández leva practicando taekwondo desde os 3 anos de idade. Ademais do taekwondo, participou en diversas actividades deportivas municipais. Dunhas calidades técnicas elevadas e cunha capacidade de traballo e concentración importante, este novo taekwondista compite nas modalidades de técnica, freeStyle e exhibición. O seu maior logro ata o momento foi a vitoria no Campionato de España de exhibición de 2022. De manter a traxectoria ascendente que leva ata o de agora podería converterse nun dos mellores taekwondistas do panorama español.



## PALMARÉS

- Terceiro na Copa Xunta de Galicia, 2017
- Subcampión na Copa Xunta de Galicia, 2019
- Subcampión na Copa Deputación, 2019
- Campión de España de exhibición, 2022





# Diego Fernández Pascual

**Liáns, 6-6-2008**

Diego Fernández comezou no taekwondo con 5 anos de idade. Ademais do taekwondo resulta habitual velo facendo uso de distintas instalación públicas nas que, ademais de divertirse, mellora a súa condición física. A paixón coa que vive este deporte, permítille sacar o mellor de si mesmo día tras día, logrando unha destacada evolución que o levou a subir ao podio do Campionato de Europa. Tamén foi campión galego e subcampión de España. Foi convocado en diversas ocasións pola selección galega.



## PALMARÉS

- Terceiro no Campionato de Europa de clubs, 2018
- Subcampión de España de clubs, 2018
- Subcampión da Copa Xunta de Galicia, 2018
- Terceiro no Campionato de España, 2019
- Campión de España de exhibición, 2022





## Vladimir Zapparov

**Oleiros, 1-6-2007**

Cunhas grandes inquietudes pola práctica deportiva desde moi pequeno, está inmerso na práctica do taekwondo desde os 9 anos. Vladimir Zapparov é un deses deportistas inconformistas, cun afán de superación fóra do común, capaz de loitar a diario contra si mesmo para mellorar o máximo posible. A súa grande ambición deportiva está acompañada dunha gran deportividade e respecto polos seus rivais, condición que lle fai gozar do agarimo dos seus compañeiros. Vladimir xa é un gran campión, pero polas súas calidades e características tanto técnicas como físicas ten por diante un futuro tremendamente prometedor. Desborda ilusión e ganas por seguir triunfando.



## PALMARÉS

- Subcampión de España Poomsae, 2022
- Campión de España, 2020





## Rubén Galdo Maira

**Dorneda, 29-10-2005**

Rubén Galdo comezou a practicar taekwondo no ano 2009. A base de adestramento e moito esforzo, seis anos despois, foi convocado por primeira vez pola selección galega e conseguiu a súa primeira medalla a nivel nacional. En 2019 acadou un novo fito na súa traxectoria deportiva ao formar parte por primeira ocasión da selección española, logrando ademais o subcampionato de Europa en trío. A súa evolución foi constantemente positiva ata lograr a clasificación para o Campionato do mundo de 2022 celebrado en Corea do Sur, ocupando a 8ª praza na categoría de parella e a 11ª posición en categoría individual. Atesoura un amplo palmarés, repleto de medallas en campionatos autonómicos e estatais.





## PALMARÉS

- Subcampión de Europa de técnica, 2019
- Campión de España de técnica, 2019
- Subcampión de España de clubs, 2019
- Campión galego de técnica, 2019
- Campión de España de freestyle, 2021
- Campión de España de exhibición, 2021
- Campión galego de freestyle, 2021
- Campión galego de exhibición, 2021
- Campión galego de técnica, 2021
- Campión de España de freestyle, 2022
- Campión galego de freestyle, 2022





## Helena García Suárez

**Montrove, 16-3-2006**


Helena é a menor dunha extraordinaria saga familiar de taekwondistas, que completan a súa nai Meri e a súa irmá Sara. Precisamente baixo a súa dirección deportiva está a acadar uns resultados inmejorables na categoría absoluta, malia ter 16 anos. Moi intelixente, extremadamente sacrificada e tremendamente perfeccionista é un dos grandes valores do taekwondo español. Atesoura unha triunfal traxectoria deportiva cunha infinidade de vitorias nos trofeos nacionais e internacionais máis importantes, sendo campioa de España individual e por clubs. De continuar na mesma liña, o soño olímpico será unha realidade.



## PALMARÉS

- Campioa de España, 2023
- Campioa President Cup de Turquía, 2023
- Subcampioa de España, 2022
- Medalla de bronce Campeonato de Europa, 2022
- Medalla de bronce Campeonato de España, 2021







**Instalaciones  
deportivas  
Municipais**

# PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS



▲ Pavillón A Rabadeira



▲ Pavillón José Antonio García Nieto



▲ Pavillón Arsenio Iglesias



▲ Pavillón de Perillo



▲ Pavillón de Bastiagueiro

# PISCINAS e XIMNASIOS



▲ Piscina Dorneda



▲ Piscina Oleiros





▲ Piscina A Fábrika

▼ Piscina Perillo



# CAMPOS de FÚTBOL



▲ Campo deportivo A Marola



◀ Campo Nano García



◀ Campo Leonardo Maceira



▲ Campo Eugenio Pardo Conchado



▲ Campo O Redondo



▲ Campo Anido

# PISTAS POLIDEPORTIVAS CUBERTAS



▲ Pista polideportiva Dexo



▲ Pista polideportiva Lorbé



▲ Pista polideportiva Os Regos



▲ Pista polideportiva Meixonfrío


▼ Pista polideportiva II República



# PISTAS POLIDEPORTIVAS CUBERTAS



▲ Pista polideportiva Iñás



▲ Pista polideportiva Miraflores



▲ Pista polideportiva **Nós**



▲ Pista polideportiva **Rialta**



▲ Pista polideportiva **Dorneda**

# NAÚTICOS



▲ A Fábrica



▲ Escola Municipal de Surf





▲ Santa Cristina



▲ Mera



▲ Santa Cruz

# PISTAS de PATINAXE



▲ Pista de patinaxe de velocidade **Bastiagueiro**



▲ Skatepark **Bastiagueiro**

# PISTAS de TENIS



▲ Pista de tenis **Hábitat**



▲ Pista de tenis **Bastiagueiro**

# PISTAS RECREATIVAS



▲ Pista recreativa O Carballido



▲ Pista recreativa A Lagoa

# PISTAS DEPORTIVAS



▲ Pista deportiva O Lameiro



▲ Pista deportiva A Carballeira



▲ Pista deportiva O Carballo



▲ Pista deportiva Condús



▲ Pista deportiva Cova Dos Bois

# PISTAS DEPORTIVAS



▲ Pista deportiva **Romardeiro**

▼ Pista deportiva **Santa Cruz**







▲ Pista polideportiva **Cividanes**

▼ Pista deportiva **Xoez**



## OUTRAS INSTALACIONES



▲ Campo de Golf de Xaz



▲ Área de calistenia das Trece Rosas



▲ Campo de chave de Perillo



▲ Rocódromo de Bastiagueiro



▲ Tatami de Nós



▲ Tatami de Perillo



▲ Tatami de Santa Cruz



▲ Tatami de Dorneda

# Entidades deportivas

## JUDO

- Judo Club Oleiros

## ESGRIMA

- 100Tolos

## XIMNASIA

- Escola Ximnasia Acordes

## MONOPATÍN

- Asociación Oleirense de Skaters

## HOCKEY

- Club Hockey Oleiros

## PATINAXE

- Club Patinaxe Oleiros
- Sociedade Cultural e Deportiva Rabadeira

## ATLETISMO

- Running Oleiros

## CICLISMO

- Club Ciclista Fillos do Seixo

## TRÍATLON

- Asociación Deportiva Fogar da Xuventude
- CNT Mar de Artabria

## NATAción SINCRONIZADA

- Club Acuatic Oleiros

## NATAción

- Club Natación Oleiros

## REMO

- Club de Regatas Perillo
- Centro Deportivo Mariñeiro de Mera

## PADDLE SURF

- Club Deportivo Paddle Mera

## TENIS

- Club de Tenis de La Coruña

## TENIS DE MESA

- Club Tenis de Mesa  
Bregán Oleiros

## BÁDMINTON

- Badminton Club Coruña

## BALONMÁN

- Club Balonmán Atlántico

## BALONCESTO

- Club Baloncesto Oleiros
- A.D. Valle Inclán

## VOLEI

- Club Voleibol Oleiros

## FÚTBOL SALA

- Futsal Rabadeira
- Club Mera, F.S.

## FÚTBOL

- A.D. Cristo Rey
- C.F. Santa Cruz
- C.D. Obrero de Oleiros
- C. Xuventude Dorneda
- Hércules S.D.C.
- Marino de Mera C.F.
- Mercurio de Iñás S.D.
- Unión Campestre F.C.
- C. Atlético San Pedro
- C. Atlético Perillo

# Oleiros Canteira *de* CAMPIÓNS

Nas páxinas que preceden temos a oportunidade de coñecer a todas as persoas, deportistas individuais e clubs deportivos oleirenses, que nos anos 2020, 2021 e 2022, acadaron importantes triunfos nacionais e internacionais.

Detrás de cada un dos triunfos, das medallas, hai un carrusel de sensacións, de duros adestramentos, inxentes esforzos persoais e familiares.

Somos conscientes dos sacrificios que para todas e todos vós implica practicar as vosas disciplinas deportivas, compatibilizando estudos, traballo, ocio, vida social etc., pero tamén somos conscientes da leducia de ter acadado os obxectivos que, de seguro, tiñades previsto.

Gozar, compartir e competir no que a un lle gusta, paga a pena.

Grazas polo voso traballo, pola vosa ilusión, pola vosa implicación no fomento do deporte, que para o goberno do Concello de Oleiros, sen dúbida o deporte é humanismo, xa que integra os mellores valores das persoas.

Parabéns campións e campioas.

Teresa Vázquez Maseda  
*Concelleira de Deportes*







  
**OLEIROS**  
**DEPORTE**